



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

ANUNCIO LICITACIÓN CONTRATO MENOR DE SERVICIOS “Asistencia técnica para o desenvolvemento de estudos técnicos orientados á identificación de refuxios climáticos para a biodiversidade e definición das medidas concretas de adaptación no concello de Muros”

1. Denominación do servizo

“Asistencia técnica para o desenvolvemento de estudos técnicos orientados á identificación de refuxios climáticos para a biodiversidade e definición das medidas concretas de adaptación no concello de Muros”.

2. Duración

O documento/memoria final resultado do proxecto realizado ten que estar presentado no rexistro xeral do Concello de Muros, como máximo, o 15 de outubro do 2026 e a factura debe presentarse a través de FACE na mesma data.

3. Funcións a realizar o adxudicatario

O proxecto a realizar é “Asistencia técnica para o desenvolvemento de estudos técnicos orientados á identificación de refuxios climáticos para a biodiversidade e definición das medidas concretas de adaptación no concello de Muros”.

Trátase dun contrato menor de servizos. Os criterios xerais que dirixen o proxecto son esencialmente a realización das actuacións necesaria para levar a cabo o estudos de identificación de refuxios climáticos levaranse a cabo, **como mínimo**, as seguintes accións:

A-Estudo Técnico de identificación.

- Análise previa e recompilación de información (territorial e climática).
- Identificación preliminar e análise cartográfica.
- Traballo de campo e comprobación técnica da biodiversidade da zona (municipio de Muros).

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tíno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- Diagnóstico.
- Delimitación e caracterización dos refuxios.

B-Medidas de adaptación e protección.

- Definición de medidas concretas de adaptación.
- Valoración económica preliminar.

C-Documento de síntese.

- Redacción de documento de síntese, con fichas dos refuxios plantexados.
- Indicadores de seguimento

4. Orzamento base de licitación

Dadas as características da contratación non se contemplan modificacións, prórrogas nin revisión de prezos.

Orzamento base de licitación sen IVE: 13.500,00 euros .

IVE: 2.835,00 euros.

Orzamento base licitación con IVE: **16.335,00 euros.**

No caso de empate entre dous ou mais licitadores, procederase a un sorteo público.

5. Requisitos da empresa licitadora e criterios de adxudicación

Dadas as características da actuación, é criterio indispensable que a empresa teña personalidade xurídica válida e obxecto social relacionado con: consultoría ambiental, planificación territorial, biodiversidade, adaptación ao cambio climático, ecoloxía, xeografía, enxeñaría ambiental ou similares.

Adxudicarase o contrato a aquela empresa que oferte unha mellor relación calidade /



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

prezo, segundo os seguinte baremo:

a) Oferta económica: ata 80 puntos.

Outorgarase 80 puntos á oferta económica máis baixa. O resto das ofertas valoraranse mediante a seguinte fórmula:

$$P = \frac{O_{min}}{O_i} \times 80$$

Onde:

- **P** = puntuación da oferta valorada,
- **O_{min}** = importe da oferta máis baixa,
- **O_i** = importe da oferta que se valora

b) Redución do prazo de entrega: ata 10 puntos.

Valorarase a redución do prazo máximo de execución establecido no contrato, conforme á seguinte escala:

- Redución de 2 semanas: 5 puntos.
- Redución de 3 semanas ou máis: 10 puntos.

Non se admitirán reducións que comprometan a correcta execución dos traballos.

c) Accións complementarias de educación e divulgación: ata 10 puntos.

Valorarase a realización de actuacións complementarias de difusión relacionadas cos refuxios climáticos e a adaptación ao cambio climático no municipio, tales como: charlas ou obradoiros divulgativos, materiais divulgativos, presentación pública dos resultados....

Puntuación:



CONCELLO DE MUROS
(A CORUÑA)

- 1 actividade: 2 puntos.
- 2 actividades: 4 puntos.
- 3 actividades: 6 puntos.
- 4 actividades: 8 puntos.
- 5 ou máis actividades: 10 puntos

En caso de empate, a adxudicación realizarase nun sorteo público.

6. Presentación de ofertas

Os licitadores interesados deberán presentar as súas ofertas no rexistro xeral do concello de acordo co modelo que se anexa a esta memoria nun prazo máximo de 10 días naturais dende a publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Muros.

7. Forma de pago

O pagamento farase contra factura que se presentará unha vez finalizados os traballos contratados. O último día para presentar a factura é o 15 de outubro de 2026.

Documento asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

A alcaldesa

María Lago Lestón